

## **Google e Edebé alíanse para mellorar a educación coa intelixencia artificial e o Big Data**

Google for Education e o Grupo edebé chegaron a un acordo de colaboración para a produción e distribución de produtos educativos dixitais destinados á aprendizaxe adaptativa, mediante o uso da **intelixencia artificial**, e a análise de datos, **Big Data**.

Os cambios a velocidade vertixinosa e a transformación do paradigma da educación provocaron que todos os axentes implicados no ensino reflexionasen sobre como abordar a atención á diversidade.

O uso da intelixencia artificial ofreceralle ao alumnado unha aprendizaxe personalizada, adaptada ás súas necesidades, cos contidos e materiais que precise en cada momento. Alcanzar o seu máximo potencial, segundo as súas capacidades, será o obxectivo. Pola súa banda, para o docente, a tecnoloxía brindarlle un asistente virtual que facilitará un seguimento individualizado do alumno/a e poder detectar e resolver os retos do proceso de aprendizaxe.

**Marc Sanz López**, director de Google for Education para o sur de Europa, afirmou que «con esta alianza estratéxica queremos acompañar os directivos e docentes no proceso de transformación e evolución da educación, e a tecnoloxía é un aliado clave para conseguilo e para dar soporte aos seus proxectos».

Segundo **Antonio Garrido**, director xeral do Grupo edebé, «este acordo de colaboración permítenos avogar pola transformación dixital das escolas e darlles máis tempo aos docentes para poder personalizar o ensino e conseguir que cada estudante alcance os seus retos».

Froito da alianza, no curso académico 2019/2020, estarán dispoñibles os primeiros produtos para a súa implantación.

A colaboración entre ambas as empresas ten como obxectivo impulsar a transformación dixital coa combinación das ferramentas dixitais de Google e os contidos e produtos educativos dixitais de Edebé. Estes novos produtos intégranse co ecosistema de **Google for Education** composto pola plataforma de colaboración e comunicación **G Suite for Education** e os dispositivos **Chromebook**.

Grazas a este acordo, os últimos avances en Intelixencia Artificial e a aprendizaxe adaptativa baseada en Big Data estarán ao alcance da comunidade educativa e darán resposta aos seus grandes desafíos.

**Edebé**, grupo editorial especializado en contidos educativos cunha dilatada experiencia, foi pioneira na creación de materiais dixitais. Nos últimos anos consolidouse como un dos grandes grupos editoriais dedicados á educación en España. Edebé está presente en todos os países iberoamericanos e especialmente nos de lingua hispana de México, Colombia, Perú, Ecuador, Arxentina, Chile, e en Brasil, en lingua portuguesa.

**Sobre Alphabet Inc** Larry Page e Sergey Brin fundaron Google en setembro de 1998. Desde entón a compañía creceu ata ter máis de 80.000 empregados en todo o mundo e unha ampla variedade de produtos e plataformas como o buscador, Google Maps, Ads, Gmail, Android, Chrome e YouTube. En outubro de 2015, Alphabet converteuse na empresa matriz de Google. Podes coñecer máis información sobre a misión de Alphabet [aquí](#).

Máis información:

Marta Muntada  
Prensa e comunicación  
**Rodeira-Grupo Edebé**  
tel.: 645 25 63 50  
[mmuntada@edebe.net](mailto:mmuntada@edebe.net)  
[www.edebe.net](http://www.edebe.net)